

***EN GALEGO TAMÉN NOUTROS MUNDOS***

Programa iniciado no ano 2009, xunto coa Concellaría de Benestar Social e coa participación de colectivos de persoas inmigrantes e ONGs.

Neste ano 2011, este programa dirixido fundamentalmente ás persoas inmigrantes, dá un xiro para tamén achegarse ás viguesas e vigueses con accións puntuais. Logo da boa acollida que tiveron os obradoiros de lingaus do mundo, o paso dado foi elaborar léxicos multilingües que se distribúen principalmente en centros de saúde, xulgados, policía, ONGs, Cruz Vermella... sen esquecermos das persoas inmigrantes, xa que nestes léxicos han ver un “auxilio” ás súas comunicacións de primeira necesidade.

Léxicos multilingües: galego, inglés, francés, wolof, árabe e chinés:

- Servizos sociais,
- Sanidade
- Asistencia primaria

A maiores a exposición *O galego tamén noutros mundos* seguiu rulando polos centros de ensino con moi boa acollida e con interesantes actividades desenvolvidas nos propios centros.


Presentamos unha novidade dirixida a persoas que se queren achegar á lingua galega mais non tiveron ningún contacto anterior coa lingua de noso:

*Galicia, no mundo*: formación e dinamización a través da radio, en colaboración con radio ECCA

E continuamos co traballo específico nunha área de grande asentamento de persoas inmigrantes: teis. Xunto co Plan Comunitario de Teis; a través dun convenio de colaboración xunto con outras áreas municipais, seguimos cos nosos programas de formación e dinamización. Accións dirixidas a mulleres e nenos/as, fundamentalmente de orixe subsahariana.

***MEU, COÑECÉNDONOS, DESCUBRÍNDONOS******A toponimia do Val do Fragoso***

Para que o labor de divulgación da historia e do patrimonio de Vigo cheguen, tamén, ao resto da cidadanía e os veciños e veciñas coñezan e valoren o patrimonio lingüístico que atesouran as nosas terras continuamos co labor de recollida e divulgación da microtoponimia das parroquias de Vigo. Este ano publicamos o libro correspondente á parroquia de Lavadores, e fixéronse os traballos de recolleita da toponimia de Beade e Teis (publicáronse no 2012), así como o traballo sobre hidronimia: ríos, regatos, regueiros, augas e areais. Realizáronse, así mesmo, varias charlas-coloquio sobre toponimia en distintas parroquias.



**Coñecéndonos  
Descubríndonos**

**Charla-coloquio:  
Toponimia de  
Lavadores**

**VENRES, 2 de decembro  
ás 19:30 h  
na Biblioteca Xosé Neira Vilas  
(Enlío Martínez Garrido, 21)**

Charla coloquio sobre toponimia da parroquia de Lavadores con Iván Sestay, autor do libro *Toponimia do Val do Fragoso, volume II. Lavadores*

Organiza: **CONCELLERÍA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA** **ALCALDÍA  
VIGO**

Colaboran: **Biblioteca Xosé Neira Vilas  
Concello de Vigo** **Asociación veciñal  
de Lavadores**

Outra achega á recuperación da toponimia tradicional foi a recolleita e fixación dos hidrónimos vigueses: ríos, augas e regatos que nacen, transcorren ou desembocan no municipio vigués foron recollidos por Iván Sestay. Asemade, como anexo deste traballo recóllense os nomes dos areas vigueses. Nomes das nosas praias que sufriron intoxicacións que cómpre corrixir e recuperar os nomes de seu.

